

Comportelc, 25-XI-66

Querido Luis:

Recibí as duas monografías sobre o teu arte. Foi unha leda, emocionante sorpresa, despois de varios meses de incomunicación. De ver en cando, chegábase o rumor de que ibas vir e afincan en Lada. Despois díxéronme que pasaríades por aquí agora a fin de ano. E, nesta agarda un tanto imprecisa, chegaron as duas fermosas monografías, que, certamente, fan enormemente viva a túa presenza. Unha presenza que xa ten o valor indiscutíbel da perennidade a través de obra.

Pola nota que figura na monografía de Edicions Esquema XX, vexo que tiñas preparada unha xeirola polo EE.UU. e que se interrompiu. Síntoo, porque estou seguro de que chamarías a atención e interesarías ali a túa obra.

Eu estiven por alí dous meses e medio e, polo que vin, coíbo que lles interesaria o teu arte. Fum dar un curso sobre Ortege e máis asistir ó VI Coloquio Internacional de Estudos Luso-Brasileiros. Con tal motivo estiven en varios sitios e sempre percibín unha gran curiosidade polo arte moderno e mesmo polas formas máis vanguardistas.

A monografía de Borino é interesantísima polo seu carácter antolóxico de caseque 20 anos de labor. Algunhas das láminas en color - por exemplo a n.º V, ou a n.º VI - engaiolam pola súa serenidade e harmonía. Verdaderamente, aquí en Santiago debería de haber unha gran sala adicada á tue pintura. É unha pena que haxa tanta obra tue polo mundo adiante e tan pouca en Galicia. Está ben, moi ben, que a haxa polo mundo adiante, pero está mal que o país non se ocupe de conservar pra si parte dese obra. Saudos garimmos a Maruxa e de Isabel pra os dous. Pre ti unha forte e cordial aperta do teu amigo certo

Ramón Piñeiro